

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 08.03.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 35284 (10/POC-005577)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018
- 1.2 42400 (10/POC-006632)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración polo Goberno galego do resultado de vendas nas lonxas galegas no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 1.3 43384 (10/POC-006876)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a resposta oficial da Xunta de Galicia referida á débeda dos anteriores xestores dunha parcela obxecto de concesión pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.4 44075 (10/POC-007063)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.5 45021 (10/POC-007209)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre o balance por parte de Portos de Galicia da evolución do número de tránsitos de embarcacións de lecer nos portos náuticos e deportivos de



titularidade autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

- 1.6 45783 (10/POC-007318)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
 Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da evolución das unidades
 pesqueiras que conforman a frota galega do cerco, así como da evolución
 desta frota en termos de empregabilidade
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 1.7 46359 (10/POC-007398)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María
 Sobre o horizonte temporal previsto polo Goberno galego para a entrada en
 funcionamento do sistema de balizamento das bateas

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Flora María Miranda Pena

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 35284(10/POC-005577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente, como media, se importa de semente con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiros de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiros existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:41
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 29/08/2018 12:41:42.195

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 18:49:54

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 18:50:00

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 18:50:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 18:50:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 18:50:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 18:50:15

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42400(10/POC-006632)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración polo Goberno galego do resultado de vendas nas lonxas galegas no ano 2018

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

Os datos das lonxas galegas para pechar o 2018 son cando menos preocupantes, a pesar da continua fachenda que sobre estes datos amosa a Conselleira do Mar, e do esperanzador do primeiro semestre deste ano, os resultados son preocupantes e reflicten unha redución a espera dos últimos datos entre un 7 e un 8% ao respecto do ano anterior. Situando 2018 no peor ano posiblemente do último lustro.

Os datos son aínda máis preocupantes, si atendemos ao volume de descarga e non tanto aos prezos, aínda que o traslado dos prezos e valores acadados en anos anteriores trasladados a termos reais do 2018 producen tamén un resultado desalentador para o sector.

Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

Que valoración fai o goberno dos resultados de vendas nas lonxas galegas no 2018?

A que atribúe esta situación?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:00:27
Nº Rexistro: 42400
Data envío: 03/01/2019 12:00:27.427



Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 03/01/2019 11:43:13

Paula Quinteiro Araújo na data 03/01/2019 11:43:22



CSV REGISTRO-TDPEmXNTS-9

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 43384(10/POC-006876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a resposta oficial da Xunta de Galicia referida á débeda dos anteriores xestores dunha parcela obxecto de concesión pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:53:45
Nº Rexistro: 43384
Data envío: 14/01/2019 13:53:45.980

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A concesión dunha parcela portuaria para a implantación dun negocio deportivo no Porto de Vilagarcía en 2013 conlevou unha serie de problemas políticos e de opacidade legal. O proceso polo que un dos poucos espazos baleiros que o Porto de Vilagarcía dispoñía para actividade empresarial no límite cos terreos urbanos fora destinado a este uso, provocou numerosos problemas e acusacións de trato de favor, e de facilitar un desequilibrio competitivo beneficioso para a empresa concesionaria. O devenir da empresa concesionaria e a súa relación anterior co goberno local, que no seu momento facilitou e coordinou coa autoridade portuaria este procedemento, foi tamén motivo de debate público.

Apenas uns anos despois, a concesión da actividade cambiou de xestores. Neste proceso existiron dúbidas sobre as débedas e posibles problemas que o traspaso podía xerar, tanto en termos legais como fiscais e a súa repercusión sobre os novos xestores en canto as débedas coa Autoridade Portuaria que mantiñan os anteriores xestores.

A Xunta de Galicia ten representación na Autoridade Portuaria de Vilagarcía, especialmente a entidade Portos de Galicia a través do seu Presidente quen, preguntado por esta cuestión en sede parlamentaria manifestou que non existían débedas por parte dos antigos xestores, igualmente que a dirección da autoridade portuaria afirmou no seu momento.

Vén de ser coñecido que esta situación non é realmente así, e que existen 60.000€ de débedas, polo que as respostas oficiais da dirección da Autoridade Portuaria de Vilagarcía e do Presidente de Portos de Galicia faltaron á verdade.



CSX-REXISTRO-TWRKdEM-5

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:53:45
Nº Rexistro: 43384
Data envío: 14/01/2019 13:53:45.980

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como pode explicarse que a Xunta de Galicia obviase unha débeda dun particular coa administración nunha resposta oficial?
2. Existiu intención por parte da Xunta de Galicia de protexer algún procedemento ou particular en especial?
3. Cre a Xunta de Galicia que a dirección do Porto de Vilagarcía actuou correctamente en todo este proceso?
4. Considera Xunta de Galicia que a utilización de espazos desas características no Porto de Vilagarcía é eficiente e responde a criterios de interese público?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/01/2019 13:50:18

María Dolores Toja Suárez na data 14/01/2019 13:50:24

Patricia Otero Rodríguez na data 14/01/2019 13:50:31



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 44075(10/POC-007063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 18:21:32
Nº Rexistro: 44075
Data envío: 17/01/2019 18:21:32,995

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á situación dos bancos de libre marisqueiro da ría de Arousa.

Recén iniciada a campaña do libre marisqueo na ría de Arousa, atopámonos cunha situación que se ven repetindo desde os últimos anos, que é o desplome da produción, que ningún dos problemas que orixinan o mesmo foi abordado.

Segundo a información aparecida nos medios de comunicación os primeiros días de temporada evidencian unha caída de até 33 toneladas, acompañado co descenso do número de embarcacións que son despachadas cada día faenar nos bancos marisqueiros.

Segundo os datos facilitados polas confrarías, desde principios de outubro o volume de extraccións foi de 11 toneladas de xapónica, 3.5 de berberecho e 8 de babosa, cando por exemplo na campaña 2010-2011 nos Lombos do Ulla na primeira semana foron 20 toneladas de cada especie, ou 13 toneladas de babosa no Bohído.

É unha evidencia que un ano máis as expectativas son nefastas nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, o que vai supor para o colectivo de mariscadores/as situación de angustia, escaseza de rendas... sen que exista unha estratexia por parte da Xunta de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na Ría, nin medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscadores/as producida pola falta de capturas.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 18:21:32
Nº Rexistro: 44075
Data envío: 17/01/2019 18:21:32.995

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para evitar que a campaña de libre marisqueo 2018-2019 fora máis un ano nefasta?

-Cal foi a estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa realizada pola Consellaría do Mar?

-Que medidas se levaron a cabo de rexeneración dos bancos?

-Que medidas vai adoptar a Consellaría do Mar diante da perda de ingresos dos colectivos de mariscadores/as pola falta de capturas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/01/2019 18:21:32

Nº Rexistro: 44075

Data envío: 17/01/2019 18:21:32.995

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 18:21:01

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 18:21:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 18:21:07

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 18:21:08

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 18:21:11

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 18:21:12

CSV REXISTRO-3lapbvaTb-0
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 45021(10/POC-007209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance por parte de Portos de Galicia da evolución do número de tránsitos de embarcacións de lecer nos portos náuticos e deportivos de titularidade autonómica

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 11:11:11
Nº Rexistro: 45021
Data envío: 31/01/2019 11:11:11.967

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia vén experimentando nos últimos anos un constante incremento da actividade comercial e na recepción de tránsitos náuticos, especialmente despois de uns anos complicados con motivo da crise económica.

Sabemos que a xestión do ente público Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a compatibilidade entre a necesaria rendibilidade económica do organismo e a atención de calidade ás necesidades do sector marítimo portuario.

No que respecta aos tránsitos náuticos, todo parece indicar que continúan crescendo, e cada vez son máis os veleiros e outro tipo de embarcacións deportivas que escollen os portos galegos para os seus tránsitos nas súas travesías.

Estamos a falar dun turismo do que ás veces non se fala, ou non se lle da a importancia que realmente ten, pero constitúen un aliciente máis ao turismo das zonas costeiras e contribúen ao crecemento económico local.

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Que balance fai Portos de Galicia da evolución do número de tránsitos de embarcacións de lecer nos portos náuticos e deportivos de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 31/01/2019 11:06:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-malzPsbV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 11:11:11
Nº Rexistro: 45021
Data envío: 31/01/2019 11:11:11.967

María Ángeles García Míguez na data 31/01/2019 11:06:56

Martín Fernández Prado na data 31/01/2019 11:07:07

Alberto Pazos Couñago na data 31/01/2019 11:07:24

Marta Rodríguez Arias na data 31/01/2019 11:07:37

María Soraya Salorio Porral na data 31/01/2019 11:07:46

Daniel Vega Pérez na data 31/01/2019 11:07:54



CSV REXISTRO-malzP-BV-7

Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 45783(10/POC-007318)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto da evolución das unidades pesqueiras que conforman a frota galega do cerco, así como da evolución desta frota en termos de empregabilidade

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45783
Data envío: 07/02/2019 18:58:10.605

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Hai escasos días, representantes do sector dos buques cerqueiros de Galicia sinalaban que afrontan 2019 coa certeza de que vai ser máis difícil que o 2018 ante a falta de cotas nalgúns das súas principais especies: a xarda, que se reduciu nun 20%; a sardiña, que será, como moito, igual que no 2018; e o cabalón, que cada ano vai a menos. As dúas especies nas que os cerqueiros teñen as súas esperanzas postas son o xurelo e a anchoa.

Estes representantes sinalaban, con relación á xarda, que a súa captura vai resultar anecdótica pola escaseza. No tinxinte á sardiña, manifestaban as súas dúbidas pola falla de claridade sobre cal será a cota, pero prevese que se manterá en termos do 2018. Alén disto, apuntaba a que, pola contra, o xurelo e a anchoa presentan un mellor estado, xa que hai máis cantidade dispoñible, aínda que non en todos os caladoiros.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu ao sector nas negociacións en Bruxelas, co obxectivo de mellorar a evolución das cotas de pesca que propoñía a Comisión Europea, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Como foi a evolución das cotas das principais especies para a frota cerqueira galega?
- Como foi a evolución das descargas e vendas da frota do cerco en Galicia durante 2018?
- Que balance fai da evolución das unidades pesqueiras que conforman a frota de cerco galega?
- Que balance fai da evolución da frota de cerco galega en termos de empregabilidade?

CSA-REXISTRO-claDonli-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45783
Data envío: 07/02/2019 18:58:10.605

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 18:56:14

María Ángeles García Míguez na data 07/02/2019 18:56:26

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 18:56:34

Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2019 18:57:15

Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2019 18:57:26

María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:57:38

Daniel Vega Pérez na data 07/02/2019 18:57:45



CSV REXISTRO-claDnId-8

Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 08.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 46359(10/POC-007398)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre o horizonte temporal previsto polo Goberno galego para a entrada en funcionamento do sistema de balizamento das bateas

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:19:06
Nº Rexistro: 46359
Data envío: 14/02/2019 17:19:06.002



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**.

O sector pesqueiro leva anos reivindicando a necesidade dunha mellora na sinalización das bateas en termos de luminosidade para identificar os vértices dos polígonos, xa que unha colisión entre embarcacións contra bateas pode rematar en traxedia como a do pasado abril de 2017, na Illa de Tambo, do *Novo Marcos*.

Na resposta número 46211, remitida polo Goberno galego á iniciativa enviada polo Partido Socialista con número Rexistro de Entrada 37844, sobre “a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto”, comunicase que a principios deste ano Portos de Galicia trasladará á Autoridade Portuaria de Vilagarcía e da Coruña os proxectos de sinalización marítima nos seus ámbitos de competencia, para que emitan os informes vinculantes que lles corresponde, procedéndose con posterioridade á licitación do proxecto.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

CSM-REXISTRO-F7C4cb12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 17:19:06
Nº Rexistro: 46359
Data envío: 14/02/2019 17:19:06.002



- Ten o Goberno galego algún horizonte temporal para que comece a funcionar o sistema de balizamento?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora María Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 17:17:13

Flora María Miranda Pena na data 14/02/2019 17:17:22



CSV REXISTRO-F7C4cb12

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>